

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

Ano VIII - Núm. 203 — 25 Xulio 1924

PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN  
Na Cruña, mes 40 ctmos; Fora, trimestre, 1'50 pesetas.  
América, trimestre, 2 ptas; Coste d' un número 15 céntimos.—Pagos adiantados.  
Redacción e Administración RUA REAL 36 — 1.º  
A CRUÑA

## A ACTUALIDADE GALEGA

*Escabroso e ao mesmo tempo para nós agradabre é o tema que hoxe ofrécenos a actualidade galega.*

*O Día de Galicia.*

*Agradabre e satisfactorio polo significado que para nós ten o día de hoxe que debía ser de festa e de ledicia como compre a data tan señalada, Escabroso polo difícil que resulta poder abordalo libremente poñendo de manifesto unha vez mais o que significa para os galegos e mais ainda para nós, os galeguistas.*

*Na imposibilidade de o poder facer ao noso gusto, e tal como debera, sirvanos de consolo, ¡que remedio senón conformarse!, a afirmación n' este día de canto dixemos e pensábamos na mesma data en tempos pretéritos, mais soaves e propicios, que cobizamos para o porvir.*

*Todol-os pobos teñen unha data señalada na que celebran a súa festa nacional, en que por todas partes aparece pendurada a enseña que resume as difrentes características que lle dan vitalidade, e que celebrase con festas pomposas oficiás.*

*Galicia tén tamén os mesmos dereitos e non carece das mesmas modalidades d' aqueles pobos no que teñen de manifestación da existencia d' unha raza, d' un pobo definido. E tamén as rúas galegas aparecerán hoxe adornados con bandeiras de moitas cores, algunhas d' elas firentes e molestas, e na ausencia «d' aquela», o ceo galego, branco e*

*azul, lucirá limpo e crariño indiferente as pomposidades oficiás d'aquí abaixo. E cando chegue a noite, a noite do "Día de Galicia", as estrelas brilarán mais que de cote e no medio d'elas a estrela grande, a nosa estrela, indicará unha vez mais, con ademán imperativo, o camiño a seguir.*

*E indiferente a todo o que nos rodea, despreciando as miserios d'abaixo, no día de hoxe as almas dos "bos e xenerosos" apertaranse mais e mais con amor subrime pensando no mañán que traguera, ¿quen o dubida?, moitos "Días de Galicia" felices e grandiosos.*

*Hoxe por hoxe somentes nos ofrece un "Día de Galicia" que nós desconecemos por sernos alleo e indiferente. Aló na intimidade dos nosos espíritos é onde festexamos o único e verdadeiro "Día de Galicia" que poderá sufrir altas e baixas pero que haberá de ficar marcado para sempre para que sexa festexado por todos o mesmo que o fán os pobos definidos que gozan das liberdades a que teñen dereito.*

*Aos nosos irmáns. ¡Terra a Nosal!*

**No día de Galicia  
saudamos  
a todol-os nosos irmans  
galegos  
¡Terra a Nosal!**

**Este número foi revisado pola censura militar**